

## **ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14 DE XULLO DE 2017**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Ribadumia sendo as trece horas minutos do día catorce de xullo de dous mil dezasete, reúnense baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. David J. Castro Mougán, os Tenentes de Alcalde D. J. Enrique Oubiña Lago; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar Martínez Troncoso; ós efectos de celebra-la sesión da Xunta de Goberno convocada.-

Non asiste: José R. González Lede

Actúa como Secretaria Dna. M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

Aberta a sesión, pasouse a considera-los asuntos incluídos na orde do día.-

**1º.- ACTA ANTERIOR.-** Dáse conta da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local con data 30 de xuño de 2017 a cal é aprobada por unanimidade na forma na que está redactada.

**2º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.-** Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Licencias de Obras que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

**Expdt. 064/17.-**Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. ESTHER BARREIRO ALFONSIN**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Casaldarnos, nº 11, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras para "**Retellar a cuberta de unha vivenda**", no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia, Ref. Catastral: 36046D501000610001AS.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

***"1.Obras solicitadas***

*Retellarcuberta en edificación existente con unha superficie aproximada de 165 m2.*

## **2. Documentación aportada**

*Orzamento das obras de cambio de tella da empresa Barreiro e Barral S.L. por importe de 6.000,00 euros.*

*Achegaxustificante de ingreso dástaxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras que ascende á cifra de 6.000,00 euros.*

## **3. Situación urbanística**

*A parcela sinalada está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, como **SOLO DE NUCLEO RURAL (SNR)** e conta con todos os servizos urbanísticos que sinala o art. 17.1 da Lei do Solo de Galicia.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non conten co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "**Ó solo incluído nos ámbitos dos núcleos rurais,...**, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo (PXOM vixente), salvo no que se refire as edificacións tradicionais existentes".*

*Non achega licenza de construción dá edificación, non obstante no Catastro consta que foi construída no ano 1.962, e nos arquivos do concello non consta expediente de infracción urbanística a nome do titular e sobre a leira. Estamos ante o caso dunha edificación tradicional segundo o criterio establecido no artigo 40 da Lei.*

*Artículo 40. Edificaciones existentes de carácter tradicional*

*Las edificaciones tradicionales existentes en cualquier categoría de suelo de núcleo o de suelo rústico podrán ser destinadas a usos residenciales, terciarios o productivos, a actividades turísticas o artesanales y a pequeños talleres y equipamientos.*

*Previa obtención del título habilitante municipal de naturaleza urbanística, y sin necesidad de cumplir los parámetros urbanísticos de aplicación salvo el límite de altura, **se permitirá su rehabilitación y reconstrucción y, por razones justificadas, su ampliación incluso en volumen independiente, sin superar el 50 % del volumen originario de la edificación tradicional.***

*En cualquier caso, habrán de mantenerse las características esenciales del edificio, del lugar y de su tipología originaria.*

*A los efectos de lo previsto en este artículo, se considerarán edificaciones tradicionales aquellas existentes con anterioridad a la entrada en vigor de la Ley 19/1975, de 2 de mayo, de reforma de la Ley sobre el régimen del suelo y ordenación urbana.*

## **4. Características das obras**

*As obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa cualificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, sen aumento de volumen e mantendo a estrutura actual da edificación.*

*O expediente cumpre con o Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".*

*Se polas características dúas traballos estiveran dentro dúas supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

*Que polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión dá licenza solicitada.*

*Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, de 9 de Febreiro, a licenza caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dá súa concesión e se non rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. ESTHER BARREIRO ALFONSIN**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Casaldarnos, nº 11, neparroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para "**Retellar a cuberta de unha vivenda**", no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumiae de acordo co informe do Arquitecto.

**Expdt. 065/17.-**Visto o expediente que se tramita a instancia da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SOROLLA V**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Progreso, nº 69, local 3 B1, sita no Concello de Sanxenxo, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Reparación de fachadas**", na Rúa Espadeiro, nº 4 e 6 na parroquia de Barrantes, Ref. Catastral: 39295018NH1095N0002EA.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

**"1.Obras solicitadas e documentación presentada**

*Reparación de fachadas y humedades interiores en todas las fachadas del edificio.*

*Adxunta Estudio Técnico suscrito pola Arquitecto Técnico Dna. Mirian AbalAbal.*

*Achegaxustificante de ingreso do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras que ascenden á cifra de 49.678.68 euros, e xustificante*

do ingreso da Taxa por ocupación de 98.83 m2 de vía pública por un tempo de 2 meses.

Con data 18/04/2017 adxunta plano de ocupación da vía pública e oficios de Dirección de execución das obras e de Coordinadora de Seguridade e Salud subscritos por Dna. Mirian AbalAbal, arquitecto técnico.

## **2. Situación urbanística**

A parcela ocupada pola edificación está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, publicado no BOP de 11 de abril de 2001 como **SOLO URBANO CONSOLIDADO (SUC)** a desenvolver segundo a Ordenanza nº 2 – Residencial Intensiva.

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.a) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo urbano que reúna as condicións do artigo 17.a), aplicaráselle integramente o disposto na Lei para o Solo Urbano Consolidado".

## **3. Obras de reparación**

As obras que pretende levar a cabo na edificación son as reguladas ó abeiro do PXOM, o establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Neste caso poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, non implican ampliación de volume ou aumento de edificabilidade ou actuacións na estrutura, so mantemento e protección de fachadas e reparacións interiores de humedades na edificación.

O Proxecto conta con Estudio Básico de Seguridade e Salud, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables nas obras de construción.

**Polo exposto emítase INFORME FAVORABLE para a concesión dá licenza solicitada.**

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SOROLLA V**, con domicilio a efectos de notificación na rúa

Progreso, nº 69, local 3 B1, sita no Concello de Sanxenxo, para levar a cabo as obras de "**Reparación de fachadas**", na Rúa Espadeiro, nº 4 e 6 na parroquia de Barrantese de acordo co informe do Arquitecto.

**Expdt. 066/17.-**Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JAIME MANUEL GIL LORENZO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa San José, nº 14 – 4º DCHA, sita no Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Peche de leira**", no lugar de Mosqueiro, na parroquia de Sisán, Ref. Catastral: 8141610NH1084S0001UB e 36046A003001970000YS.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

**"1.- Documentación achegada**

- *Solicitud de peche de leira no fronte a douscamiños e no lindero sur da leira, cunhalonxitude total de 99 ml.*
- *Orzamento das obras por importe de 1.970.00 euros, da construtora Esteban e fillos de Vilanova.*
- *Xustificante do ingreso de 39,40 euros en concepto de ICIO, 2% do orzamento das obras.*

**2.- Situación urbanística**

*A parcela, onde se atopa a edificación está clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, publicado no BOP de 11 de abril de 2001 como **SOLO DE NUCLEO RURAL (SNR)** a desenvolver segundo a ordenanza de aplicación que ven recollida no Título VIII da Normativa Urbanística do P.X.O.M., artigos 183 ó 192.*

*Unha parte da leira, a que da fronte o camiño principal, está clasificada como **SOLO RUSTICO COMÚN (SRC)** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal.*

*A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro e o indicado no apartado 2.d) da súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a ésta Lei nin a Lei 9/2002, "Ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto no planeamento vixente e o solo incluído no solo Rústico aplicaráselle o disposto na Lei para o Solo Rústico".*

*Por outra banda, os retranqueos do muro de peche da leira na súa fronte ao viario veñen regulados polas condicións do acordo plenario do 2 de Xullo de 2.001, remitido entón á Subdirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial,*

*Obras Públicas e Vivenda, polo cal e por unanimidade da Corporación Municipal aprobáronse os erros detectados polo Técnico Municipal en canto ás aliñacións dos muros de peche definitivos das parcelas para todo tipo de solos.*

***Polo que o peche no camiño principal, que propón o solicitante en muro de sillería ("perpiaño"), situarase a 5 m. do eixo do camiño.***

*Respecto do camiño situado polo Oeste, dado que as leira que se serven polo mesmo están situadas en Solo Rústico, será de aplicación o artigo 39.c da nova Lei, que establece que os peches de fábrica non podrán exceder de 1.50 m. de altura, debendo adaptarse ao medio no que se atopen. Respecto da aliñación nada cita a Lei, polo que estaremos ao dictado do PXOM de Ribadumia que no artigo 214 regula este tipo de obras, sinalando que os pechamentos en vías secundarios se situarán a 4 metros do eixo do camino.*

***Neste caso, o peche no camino situado no linde Oeste da leira, que o solicitante propón construír en pedra ("casqueiros"), situarase a 4 metros do eixe dese camino.***

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JAIME MANUEL GIL LORENZO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa San José, nº 14 – 4º DCHA, sita no Concello de Vilagarcía de Arousa, para levar a cabo as obras de "**Peche de leira**", no lugar de Mosqueiro, na parroquia de Sisáne de acordo co informe do Arquitecto.

**Expdt. 067/17.**-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JOSE MANUEL CHAVES TORRES**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Gándara, nº 40, parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Peche de finca con pedra tipo "casqueiro"**", no lugar do seu domicilio, na parroquia de Sisán, Ref. Catastral: 6949827NH1064N0001XR.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que:

***"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.***

*Solicítase peche de finca con pedra tipo "casqueiro", nos lindeiros da parcela, nunha lonxitude de 112 metros lineais e 2 metros de altura, según se indica no plano catastral.*

*Así mesmo, achégase xustificante de ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 6.720 €), por importe de 134,40 €.*

## **2. Situación urbanística.**

*A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como "SOLO de NÚCLEO RURAL (SNR)".*

*En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Régime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]*

*c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

*A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo II do Título VIII: Normas particulares do Solo de Núcleo Rural, artigos 185 ao 192.*

*Será de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición. Neste caso, **o peche non terá que retranquearse, xa que non da fronte co camiño.***

*En relación ás características tipolóxicas dos peches, segundo establece o artigo 477.- Pechamentos, no citado PXOM:*

***3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación aillada poderán pechase con proteccións diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m.***

*Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".*

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

*Polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

*Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JOSE MANUEL CHAVES TORRES**, con domicilio a efectos de notificación rúa Gándara, nº 40, parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Peche de finca con pedra tipo “casqueiro””**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Sisán e de acordo co informe do Arquitecto.

**Expdt. 068/17.-**Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. JOSE ANTONIO DOMINGUEZ NUÑEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Bouza, nº 9, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Cambio de tella en cuberta de vivenda”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia, Ref. Catastral: 0166902NH2006N0001AE.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, no que consta que: **“1. Obras solicitadas e documentación adxunta.**

*Solicítase cambio de tella en cuberta de vivenda situada no lugar da súa residencia, en Bouza, 9, Ribadumia, cunha superficie aproximada de 120 m2, según se indica no plano catastral.*

*Así mesmo, achégase xustificante do ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 5.040 €), por importe de 100,80 €.*

*Non aporta licenza de construción da edificación; non obstante no catastro consta que foi construída no ano 1983, e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca expediente de infracción urbanística.*

## **2. Situación urbanística.**

*A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de*



2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como "SOLO de NÚCLEO RURAL (SNR)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguintes regras: [.../...]

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo II do Título VIII: Normas particulares do Solo de Núcleo Rural, artigos 185 ao 192.

Segundo establece o artigo 191.- Condicións particulares, apartado 1.- Condicións estéticas e de composición:

1) Fachadas e cubertas: Ademais de cumprilas condicións estéticas xerais, procurarase a utilización de materiais e acabados propios da arquitectura local, como beirís, canterías tradicionais, cerrallerías de ferro, zócalos de pedra, etc, prohibíndose o emprego de elementos e acabados non tradicionais na zona, como cubertas planas ou con faldóns quebrados, revestimentos metálicos, plástico, aplacados cerámicos, ou revocaduras con imitacións de cantería ou ladrillo. **Nas construcións destinadas a uso residencial as cubertas serán de tella cerámica en cor roxiza, con faldóns continuos;** autorizándose o emprego de fibrocemento nesa cor nas construcións auxiliares.

**Polo tanto, o material de cubrición deberá ser tella cerámica.**

Que as obras que se pretenden levar a cabo na edificación, ao abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ao solicitado, **non podendo**

***aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambios na estrutura.***

*Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.*

*Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

*Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:  
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. JOSE ANTONIO DOMINGUEZ NUÑEZ**, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Bouza, nº 9, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Cambio de tella en cuberta de vivenda”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

### **3º.- AUTORIZACIÓN DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.-**

Sométese á consideración da Xunta de Goberno os escritos de comunicación previa de Actividade e cambios de titularidade que se relacionan a continuación, concedéndose autorización de actividade e apertura, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

#### **3º.2.-CAMBIOS DE TITULARIDADE.-**

##### **3º.2.1.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE “BAR”.**

Visto o expediente tramitado a instancia de D. José Manuel Meira Souto, con domicilio na rúa Laxe, nº 5 – 1ºB, no Concello de Vilanova de Arousa, no que consta que tñíase concedido licenza para a actividade de **“BAR”** a nome de Felisa González Núñez, na rúa Cruz, nº 4, na parroquia de Lois, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 15 de xaneiro de 2007, e téndose solicitado o cambio de titularidade da mesma a favor de **JOSE MANUEL MEIRA SOUTO**.

Visto que consta no expediente copia do DNI, copia da licencia de actividade, do contrato de arrendamento e cumpridos os preceptivos trámites.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda concede-lo cambio de titularidade solicitado polo interesado para que a Licencia de Actividade concedida á "Felisa González Núñez" narúa Cruz, nº 4, na parroquia de Lois, para actividade de "**BAR**", se conceda a nome de **JOSE MANUEL MEIRA SOUTO**, previo pago das Taxas correspondentes.

#### **4º.- INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL SOBRE USUARIOS DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCURRENCIA.-**

Dase conta do Informe emitido pola Traballadora Social dos Servizos Sociais Comunitarios con data de 03 de xullo de 2017, nos que informa que "*Presentada solicitude para o Servizo de Axuda no Fogar por libre concurrencia, con data 03/07/2017 e logo de realizar un estudio e valoración da situación do usuario, propónse dar de alta no servizo á D. José Ramón Carballa Mosteiro, con data 04 de xullo de 2017 dada a situación de extrema necesidade na que se encontra*".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Dar a alta no Servizo de Axuda no Fogar de libre concurrencia a D. Jose Ramón Carballa Mosteiro, segundo a proposta formulada pola Taballadora Social.

#### **5º.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADUMIA PARA A CONSTRUCCIÓN DE APARCADOIRO NA RUTA DA PEDRA E DA AUGA.-**

Dase conta do borrador de Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e este Concello, para a construción de "Aparcadoiro da Ruta da Pedra e da Auga"

Vistas as clausulas do devandito convenio, no que consta que o presuposto total da actuación a levar a cabo ascende a 49.911,77 euros, dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia aportaría un importe de 35.592,62 euros; que o prazo de xustificación do mesmo é ata o 15 de novembro de 2017, entre outros aspectos.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos Sres. asistentes:

PRIMEIRO: Prestar aprobación óde Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e este Concello, para a construción de "Aparcadoiro da Ruta da Pedra e da Auga", coas clausulas seguintes:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE RIBADUMIA PARA A CONSTRUCIÓN DE APARCADOIRO NA RUTA DA PEDRA E DA AUGA.**

Santiago de Compostela , de de 2017

**Reunidos**

Por unha parte, a **Axencia Turismo de Galicia**, e no seu nome e representación D<sup>a</sup> María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

Doutra, o **Concello de Ribadumia** (en diante o Concello) e no seu nome e representación D. David J. Castro Mougán, na súa calidade de Alcalde-Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a "información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local".

**Segundo.-** Que o artigo 148.1.18<sup>a</sup> da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través

*daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.*

*Co obxecto de promover o turismo no concello, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas mesmas e con beneficios conxuntos. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.*

*En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes*

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira.- Obxecto do Convenio.**

*É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello para a construción, ampliación e mellora dun aparcadoiro público situado no inicio da Ruta da Pedra e da Auga, incluíndo a reordenación e novo tratamento da zona.*

### **Segunda.- Financiamento.**

*O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a 49.911,77€, dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017, a contía de 35.592,62€, con cargo á aplicación 04.A2.761A.760.0, proxecto 2015 00006, na que existe crédito adecuado e suficiente, e que se aplicarán para o pago dos gastos que se relacionan na citada cláusula, quedando a cargo do concello a contía restante.*

*Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.*

### **Terceira. - Gastos subvencionables**

*De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2017. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.*

*De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.*

### **Cuarta.- Compromiso das partes**

*1. O Concello, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:*

*- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.*

- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a "Marca Turística de Galicia" en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

- Manter, de ser o caso, a propiedade sobre os investimentos subvencionados, e a vinculación destes á actividade económica que motivou a axuda, durante un período mínimo de 5 anos. Necesariamente os investimentos estarán dedicados a actividades e centros de traballo en Galicia.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

#### **Quinta.- Compatibilidade**

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

#### **Sexta.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións

que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

#### **Sétima.- Subcontratación.**

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

#### **Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento**

**1.** O Concello, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, estará obrigado a xustificar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha **conta xustificativa** integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.**

**2.** A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público, acompañada de copia do expediente de contratación realizado para levar a cabo as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais.

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a "Marca Turística de Galicia".

- Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

3. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

4. A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

5. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 15 de novembro de 2017.

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, a contía da subvención minorarase en proporción á porcentaxe que represente o importe xustificado con respecto ao citado orzamento.

### **Novena .- Pagamentos anticipados e a conta da subvención da Axencia Turismo de Galicia**



*Poderanse realizar pagamentos anticipados da subvención que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2017, conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% da subvención concedida.*

*Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do dito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas.*

*Para proceder ao seu pagamento, o Concello deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula oitava respecto das actuacións executadas.*

*A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.*

*Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.*

#### **Décima.- Reintegro da subvención**

*Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.*

*No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.*

#### **Décima primeira.- Comisión de seguimento**

*Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poida xurdir, créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado polo Concello e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia. Respecto da subvención concedida, a Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.*

*A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.*

#### **Décima segunda.- Modificación do convenio**

*As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.*

*Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.*

#### **Décima terceira.- Causas de resolución**

*Serán causas de resolución deste convenio:*

- O incumprimento do seu obxecto.*
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.*
- O acordo unánime de todos os asinantes.*

***Décima cuarta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente***

*Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no apartado d) do apartado 1 do artigo 4.*

*Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real Decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; as Leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.*

*As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.*

***Décimo quinta.- Publicidade e rexistro do convenio***

*En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.*

*Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.*

*Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.*

*Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.*

***Décimo sexta.- Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio***

*Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.*

***Décimo sexta.- Vixencia***

*Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.*

*En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento."*

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do Convenio e ata a total execución do contido do mesmo.

**6º.- SOLICITUDE DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS.**

**6º.1.- SOLICITUD DE AXUDA PARA LEVAR A CABO A ACTUACIÓN DE "RENOVACIÓN E ADAPTACIÓN AO REGLAMENTO DE EFICIENCIA**

**ENERXÉTICA, R.D. 1890/2008 DEL ALUMBRADO PÚBLICO DE RIBADUMIA”,  
DE CONFORMIDADE CO R.D. 616/2017 DE 16 DE XUÑO.-**

Visto o R.D. 616/2017 de 16 de xuño, do Ministerio de Enerxía, Turismo e Agenda Dixital, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Tendo en conta o elevado consumo enerxético do alumado público municipal tense realizado unha auditoría en detalle de todas as instalacións do alumado público, da que se desprende a oportunidade de aforro enerxético que ten o Concello renovando as súas instalacións por outras máis modernas e eficientes e a falta actual do cumprimento das instalacións do alumado municipal da principal regulamentación que lles afecta.

Á vista do resultado da auditoría procedeuse á redacción dunha memoria descritiva das actuacións a realizar e para as que se solicita axuda ao Ministerio de Enerxía, Turismo y Agenda Digital, para a “Renovación, mellora da eficiencia enerxética e adaptación ao Regulamento de Eficiencia enerxética R.D. 1890/2008 do alumado público do Concello de Ribadumia”, cun importe total de 711.726, 40 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

PRIMERO.- A participación do Concello de Ribadumia no procedemento regulado polo R.D. 616/2017 de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

SEGUNDO.- Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable, que se recolle na memoria redactada, facendo constar o compromiso de habilitar crédito suficiente, na partida 165-62905, para a financiamento do proxecto plantexado, no caso que o mesmo resulte seleccionado nesta convocatoria, con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería.

TERCEIRO.- Prestar aprobación á memoria descritiva da actuación a acometer, que se une ao expediente, asinada por el Arquitecto D. Jesús M. Dieguez Pazos, cuxos datos se unen ao presente acordo.

CUARTO.- Facultar ao Sr. Alcalde, tan ampliamente como sexa necesario para a execución do presente acordo.

## **6º.2. -SOLICITUDE DE AXUDA PARA PROMOCIÓN DA IGUALDADE.-**

Vista a Resolución da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 16 de xuño (DOG nº 119 de 23/06/17), pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciado polo FSE, con cargo ó programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

En colaboración co Departamento de Servizos Sociais, polo CIM elaborouse un Programa de Intervención con fillos/as de vítimas de violencia de xénero, a levar a cabo, prioritariamente durante o verán, consistente en sesións dirixidas especificamente ós fillos/as de vítimas de violencia de xénero derivados dende o CIM de referencia e os servizos sociais municipais.- Prevéese intervencións dirixidas a un mínimo de 10 menores e a un máximo de 15 menores en sesións individuais (cun máximo de 4 sesións por menor), cun orzamento total de 2.700 euros, máis IVE.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación ó devandito Programa de Intervención con fillos/as de vítimas de violencia de xénero, así como ó presuposto do mesmo.

2º.- Solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ó abeiro da Resolución de 16 de xuño de 2017, una axuda por importe de 3.267 euros, para levar a cabo a realización do Programa de Intervención con fillos/as de vítimas de violencia de xénero.-

## **6º.3. - SOLICITUDES DE AXUDAS Á DEPUTACIÓN PARA EMERXENCIA SOCIAL.-**

Dáse conta das Bases reguladoras das Axudas Básicas de Emerxencia Social convocadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, para cubrir necesidades alimentarias, de uso de vivenda, de pagos de recibos, de produtos de hixiene e limpeza, gastos de farmacia, e outros, e na que consta a contía máxima a conceder a este Concello, e publicadas no BOP nº 130 de 07 de xullo de 2017.

Vista a proposta elaborada pola responsable do Departamento de Servizos Sociais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

PRIMEIRO.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha axuda por importe de 7.500, 00 euros para gastos correntes de emerxencia social, e de 2.000,00 euros para gastos de investimento, subvención que se solicita ó abeiro da convocatoria realizada por dito Organismo publicada no B.O.P. Nº 130 de 07 de xullo de 2017, aceptando as condicións e requisitos das bases reguladoras de ditas axudas.

## **7º.- OUTROS ASUNTOS.**

### **7º.1.- ORGANIZACIÓN DA XVI EDICIÓN DO CONCURSO DE POSTRES CASEIROS A CELEBRAR NA FESTA DO PAN.-**

Dáse conta das bases redactadas para a celebración da XVI edición do "Concurso de postres caseiros" a celebrar durante a Festa do Pan que terá lugar o 12 de agosto de 2017, no que os postres presentados deberán levar como mínimo o pan como un dos seus ingredientes e irán acompañados dun sobre en branco e pechado, que conterá os datos da persoa que o presenta, o nome do postre e unha relación dos ingredientes utilizados, e entregaranse o mesmo día 12 de agosto na Casa de Cultura de Ribadumia, entre as 17 e 19 horas.- Dáse conta así mesmo dos premios a outorgar que consistirán:

1º premio: 100, 00 €

2º premio: 50, 00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda prestarlle aprobación ás devanditas bases e aprobalo gasto correspondente.

### **7º.2.- ORGANIZACIÓN DA IV EDICIÓN DO CONCURSO DE EMPANADAS DA FESTA DO PAN.-**

Dáse conta das bases redactadas para a celebración da IX edición do "Concurso de empanadas" a celebrar durante a Festa do Pan, que deberán ser elaboradas con fariña de millo, sendo libres os ingredientes de recheo da mesma e deberán entregarse acompañadas dun sobre en branco e pechado, que conterá os datos da persoa que o presenta, casa de Cultura de Ribadumia o mesmo día 12 de agosto de 2017, entre as 17 e as 19 horas.-

Dáse conta así mesmo dos premios a outorgar que consistirán:

1º premio: 150, 00 €

2º premio: 70, 00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda prestarlle aprobación ás devanditas bases e aprobalo gasto correspondente.

## **8º.- FACTURACIÓN SERVICIO ALCANTARILLADO DO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2017.-**

1.- Dáse conta do resumo de facturación presentado pola empresa Espina & Delfín, S.L. polo servizo de sumidoiros correspondente ó primeiro semestre de 2017, e que ascende a un importe total de **64.219, 56 €** (có canon de saneamento incluído ascende a 78.855, 03 €)

A Xunta de Goberno Local acorda prestarlle aprobación á devandita facturación.

## **9º.- CRITERIOS PARA CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS A ENTIDADES QUE ORGANICEN "CAMPUS DE VERÁN".-**

Dáse conta das bases elaboradas para solicitar axudas económicas para os Campus de Verán convocadas polo Concello de Ribadumia, as cales poderán solicitar entidades culturais e/ou deportivas. Ditas axudas económicas serán adxudicadas conforme os criterios de valoración establecidos nas bases e deberán xustificarse unha vez concedidas e co requisito de ser antes do seu pagamento.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda prestar a súa aprobación a estas bases e ó gasto correspondente.

### ***CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS A ENTIDADES QUE ORGANICEN "CAMPUS DE VERÁN"***

#### **1. CONCEPTO DE "CAMPUS DE VERÁN"**

*Enténdese por CAMPUS DE VERÁN a organización, coordinación e realización de actividades dirixidas a ofrecer ós nenos unha alternativa para desfrutar do seu tempo libre durante o período estival, desde unha perspectiva de aprendizaxe colectivo e fomento da educación en valores, a través de distintas actividades culturais, deportivas e de ocio e tempo libre, facilitando ó mesmo tempo a conciliación da vida familiar e laboral dos seus pais.*

#### **2. BENEFICIARIOS**

*Poden solicitar estas axudas aquelas entidades culturais e/ou deportivas que cumpran os seguintes requisitos:*

- a) Que estean legalmente constituídas como tales e inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Ribadumia.*
- b) Que as persoas xurídicas ou entidades, e as persoas que as representan legalmente, non estean incursas en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de*

*bene-ficiario de axudasousubvencións segundo se establece no artigo 13 da Leixeral de subvencións.*

*c) Que esteano día na súasobrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non teñan ningún tipo de débedaco Concello de Ribadumia.*

*d) Que oferten actividades culturais, deportivas e de ocio e tempo libre como mínimo durante os meses de xullo e agosto e en horarios que faciliten a conciliación familiar e laboral.*

*e) Que, aíndatendo como base actividades relacionadas directamente coas realizadas polaentidade durante todo o ano, se ofrezanoutro tipo de posibilidades que se diferencien claramente das habituais, por contidos e por horarios. Por exemplo, unhaentidade deportiva deberá ofrecer actividades formativas, culturaisou de ocio e tempo libre e unhaentidade cultural deberá ofrecer, ademais das súas propias, actividades deportivas e, en todos os casos, debe facersediferenciando os horarios das actividades propias da entidade dos horarios dos campus de verán.*

### **3. PROCEDEMENTO**

*O prazo para presentación de **SOLICITUDES** coincidirá co mes de XULLO de cada ano naturalmentres exista dotación orzamentaria diferenciada para estas axudas no correspondenteorzamento municipal. Durante este tempo, as asociacións e/ou entidades interesadas deberán presentar a documentación requirida para a solicitude no RexistroXeral do Concello de Riba-dumiaou por calqueraoutro medio legalmente establecido segundo a Lei de réximexurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

*Unha vez que remate este prazo, un técnico municipal realizará o estudo do bloque de solicitudes presentadas, comprobará que todas e cada unha delas conta coa documentación esixida e elaborará un **INFORME** que recolla a puntuación obtida por cada solicitude tendo en conta os criterios de valoración que se establecen. A formula matemática consistirá en sumar todos os puntos obtidos por todas as entidades que soliciten esta axuda e aplicarlle logo a seguinte fórmula:*

*Fondos dispoñibles*

*Total puntos*

*Con istoobterase o valor económico de cada punto, a partir do cal se poderá conceder a cada entidade a cantidade que lle corresponda en función dos puntos obtidos.*

*En caso de que haxa documentación incompleta ou defectuosa, poderárequiriró solicitante para que, no prazo máximo de 10 días, achegue a documentación necesaria ou subsane os defectos observados, facéndolle saber que, en caso contrario, se considerará que desiste da súasolicitud.*

*Este informe, coa correspondente asignación económica, será presentado para a súaaprobación ante a Xunta de Goberno que, previo informe da Intervención municipal, resolverá sobre a concesión ou non das axudas, dándoselleconta con posterioridadeó Pleno municipal.*

*Unha vez aprobadas definitivamente, procederase a **COMUNICAR** a súa concesión a aquelas entidades e/ouasociacións beneficiarios, indicándolles que, previo ó seu pagamento, deben **XUSTIFICAR** mediante **FACTURA** expedida a nome da entidade a realización das actividades para as que se solicitou a axuda.*

*En todos os casos, esta documentación xustificativa debe presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadumia ou por calquera outro medio legalmente establecido segundo a Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De non se presentar a xustificación, entenderase que se desiste da petición realizada. Así mesmo, se se estimase que a xustificación presentada é insuficiente, o concello requirirá o beneficiario para que, no prazo de 10 días naturais, proceda a emendar os defectos apreciados. O feito de que transcorra este prazo sen que se produza a emenda requirida ocasionará a revogación da axuda e, en consecuencia, a falta de pagamento da mesma.*

*Unha vez que se xustifique correctamente a axuda, a cantidade concedida ingresarase na conta corrente indicada polo titular da asociación ou entidade subvencionada.*

*De non se resolver expresamente esta convocatoria no prazo de TRES MESES, contados a partir do día seguinte ó remate do prazo de presentación de solicitudes, entenderase desestimada.*

#### **4. DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTAR**

a) **DECLARACIÓN XURADA** do presidente e/ou secretario da entidade no que conste expresamente:

- 1. Que a entidade que representa está legalmente constituída e está inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Ribadumia.*
- 2. Que as persoas xurídicas ou entidades, e as persoas que as representan legalmente, non están incursas en ningunha das circunstancias de prohibición para a obtención da condición de beneficiario de axudas ou subvencións segundo se establece na Lei xeral de subvencións.*
- 3. Que están ó día na súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non teñen ningún tipo de débeda co Concello de Ribadumia.*

*En todo caso, están **EXENTAS** de presentar esta declaración xurada aquelas entidades que no mesmo ano natural presentasen solicitudes para outras axudas municipais que se requirise esta mesma documentación.*

b) **MEMORIA** na que consten, como mínimo, os seguintes datos:

- 1. Relación de nenos **INSCRITOS**, con nome e apelido.*
- 2. **DURACIÓN** e **HORARIO** do campus (con indicación de se existe ou non a posibilidade de ampliación do horario fóra das actividades concretas para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral - "Plan Madruga").*
- 3. Breve **DESCRIPCIÓN** e **CRONOGRAMA** das actividades realizadas de forma habitual, así como daquelas excursións, visitas culturais ou doutro tipo que estean programadas para realizarse durante o campus.*

c) **CERTIFICACIÓN BANCARIA** para o pagamento da axuda concedida, de ser o caso.

#### **5. RECURSOS**

*Contra o acordo de concesión ou denegación, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor os recursos legalmente establecidos segundo a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*



**10º.-CERTIFICACIÓNS DE OBRAS COFINANCIADAS CON CARGO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2016).**

**10º.1.-CERTIFICACIÓN DA OBRA DE "REDE DE SANEAMENTO EN LUCIO, PEREIRA E RIBADUMIA"**

Vista a certificación de obra nº 1 da denominada "Rede de saneamento en Lucio, Pereira e Ribadumia" e factura correspondente que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., por importe de trinta e tres mil douscentos corenta e seis euros con setenta e oito céntimos (33.246,78 €)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, ACORDA:

1º.- Prestar aprobación á certificación nº 1 da obra denominada "Rede de saneamento en Lucio, Pereira e Ribadumia", que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., segundo a Resolución de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade dictada con data 12 de maio de 2017.

2º.- Prestar aprobación á factura seguinte:

Nª e data	Empresa	Concepto	Importe
2170646 de 30/06/17	<i>COVSA Construcción, Obras e Viais, S.A.</i>	<i>Rede de saneamento en Lucio, Pereira e Ribadumia</i>	<i>33.246,78 €</i>

A Xunta de Goberno Local, dase por enterada da anterior Resolución, acordado, por unanimidade dos Sres. asistentes ratificar o seu contido.

**10º.2.- CERTIFICACIÓN DA OBRA DE "BEIRARRÚAS, REDE DE PLUVIAIS, SANEAMENTO EN LOIS, RÚA CASAL DE BARRANTES E BOUZA EN BESOMAÑO".**

Vista a certificación de obra nº 1 da denominada "Beirarrúas, rede de pluviais, saneamento en Lois, rúa Casal de Barrantes e Bouza en Besomaño" e factura correspondente que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., por importe de sete mil catrocentos noventa e sete euros con vintetres céntimos (7.497,23 €)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, ACORDA:

1º.- Prestar aprobación á certificación nº 1 da obra denominada "Beirarrúas, rede de pluviais, saneamento en Lois, rúa Casal de Barrantes e Bouza en Besomaño", que presenta a empresa COVSA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A., segundo a Resolución de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade dictada con data 12 de maio de 2017.

2º.- Prestar aprobación á factura seguinte:

Nº e data	Empresa	Concepto	Importe
2170641 de 30/06/17	<i>COVSA Construcción, Obras e Viais, S.A.</i>	<i>Beirarrúas, rede de pluviais, sanemento en Lois, rúa Casal de Barrantes e Bouza en Besomaño</i>	<i>7.497,23 €</i>

A Xunta de Goberno Local, dase por enterada da anterior Resolución, acordado, por unanimidade dos Sres. asistentes ratificar o seu contido.

### **11º.- APROBACIÓN PRESUPUESTO PARA RENOVACIÓN DO ANTIVIRUS DE PROTECCIÓN.-**

Dase conta do presuposto presentado por D.G.I S.L e con obxecto de renovar e con obxecto de manter a protección do acceso a Internet considérase que o máis vantaxoso, é renovar o mantemento do "ESET ENDPOINT ANTIVIRUS"

A tal efecto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes, acorda:

1º.- Prestar aprobación ó orzamento de renovación de mantemento presentado D.G.I S.L , para a instalación do pack 25 licencias, por un importe de 323,42 euros con IVE.

2º.- Prestar aprobación ó devandito gasto con cargo á partida orzamentaria correspondente.

### **12º.- SOLICITUDE DE AXUDA PARA PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E ADHESIÓN A CONVENIO DE COLABORACIÓN CÓ CONCELLO DE VILAGARCÍA E OUTROS PARA TAL FIN.-**

Vista a Orde da Consellería de Sanidade de 26 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a cofinanciación de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas promovidas polos Concellos, dase conta de que dende hai varios anos vense asinando convenio de colaboración có Concello de Vilagarcía de Arousa e outros da comarca, para a realización de proxectos de prevención.

Dase conta dos proxectos que se ven desenrolando e dos que tense previsto realizar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Adherirse á sinatura de convenio de Colaboración có Concello de Vilagarcía e outros da comarca para a realización de actividades de prevención de drogodependencias e condutas aditivas; 2º.- Delegar no Concello de Vilagarcía a solicitude de axuda para tal proxecto á Consellería de Sanidade, ó abeiro da orde de 26 de xuño de 2017.-

### **13º.- XUSTIFICACIÓN DE AXUDA PARA PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS PROMOVIDOS POLA AGRUPACION DE CONCELLOS DE VILAGARCIA DE AROUSA.-**

Vista a Orde da Consellería de Sanidade de 2 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a cofinanciación de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas promovidas polos Concellos, dase conta de que dende hai varios anos vense asinando convenio de colaboración có Concello de Vilagarcía de Arousa e outros da comarca, para a realización de proxectos de prevención de drogodependencias.

Dase conta da documentación presentada, xustificativa da axuda concedida.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada da xustificación presentada, e por unanimidade dos Sres. asistentes acorda prestarlle a súa aprobación.

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as catorce horas e cinco minutos, de todo o cal eu, como Secretaria, dou fe.-